

Nome _____

Data _____

A curiosa orixe do nome de Europa

Segundo a mitoloxía grega, Europa era unha moza dunha beleza extraordinaria. Tan fermosa era que Zeus, o principal deus grego, se namorou dela e decidiu raptala.

Pero Zeus temía asustala se se lle aparecía de súpeto co seu aspecto de deus, así que decidiu transformarse nun gran touro branco.

Europa estaba a xogar na praia coas súas amigas cando viu a Zeus transformado en touro.

Era tan dócil que se achegou sen temor, púxolle unha grilanda de flores e, finalmente, atreveuse a subírselle no lombo coma se fose un cabalo.

Nese instante, Zeus saíu fuxindo, levando consigo a rapaza.

Conta a lenda que este mito se baseou nunha historia real. Ao parecer, uns comerciantes da illa de Creta, situada no Mediterráneo oriental, atopáronse nunha praia cunha fermosa rapaza, chamada Europa, e raptárona para entregarlle ao seu rei.

O barco destes comerciantes tiña na proa a escultura dun touro pintado de branco, de onde xurdiu o mito. Europa casou con este rei e chegou a ser tan querida polo seu pobo que foi considerada coma unha figura divina.

**1 Le o texto e contesta.**

- Que é un mito? _____

- Quen era Zeus? E Europa? _____

- Explica brevemente a historia de Zeus e Europa. _____

- A partir de que feito se elaborou o mito? _____

2 En que se diferencia Europa da Unión Europea?

3 Observa a imaxe e responde as preguntas.

- De que moeda se trata? _____

- Que escena se representa nela? _____


- Que simbolizan as doce estrelas que aparecen? _____

4 Imaxina que vas pasar tres días en París e outros tres en Londres.

- Que moedas necesitarás? _____

- Terás que levar pasaporte para ir a estes países? Por que?

- Se che gustasen moito estas dúas cidades, poderías traballar ou estudar alí? Xustifica a resposta.

**5** Sinala tres suxestións para celebrar o Día de Europa, o 9 de maio.
